



MULLER E ESFERA PÚBLICA NO SÉCULO XIX

Xosé Ramón Veiga Alonso

DISCURSO INAUGURAL
lido na solemne apertura do
curso académico 2025-2026

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xosé Ramón Veiga Alonso
Departamento de Historia,
Área de Historia Contemporánea
Facultade de Formación do Profesorado
Universidade de Santiago de Compostela

MULLER E ESFERA PÚBLICA NO SÉCULO XIX
Historia dunha conquista inacabada

DISCURSO INAUGURAL
Lido na solemne apertura do
curso académico 2025-2026

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2025

EDITA
Edicións USC
15782 Santiago de Compostela
www.usc.gal/publicacions

MAQUETA
Imprenta Universitaria
15782 Santiago de Compostela

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/di.2025.1910>

Discurso

Introdución. Un paseo da man de Juana de Vega

En maio de 1863 abre unha escola mixta de párvulos na Coruña. Faino no local que ocupa o Hospicio Provincial e admite nenos e nenas de entre tres anos e medio e seis procedentes de familias sen recursos da cidade. En 1870 son 120 os raparigos alí atendidos baixo a ollada vixiante e moi ocupada de dúas irmás da Caridade e, de facermos caso do moi sólido testemuño de Concepción Arenal, o seu funcionamento é excelente. Pouco máis dun ano despois, en setembro de 1864, e na mesma cidade, inaugúrase unha escola nocturna para adultos con sesenta matriculados destinada a ofrecer rudimentos educativos aos «menestrales» da poboación. Ningunha destas dúas iniciativas parte das administracións públicas, senón que son un froito madurecido da sociedade civil herculina e, máis en concreto, da actividade dunha muller por entón xa moi nomeada na cidade, en Galiza e mesmo no conxunto de España: María Juana de la Vega Martínez, mais coñecida como Juana de Vega. Esta preocupación educativa de dona Juana mesmo se manifesta no seu testamento, ao instituír unha fundación que converte o seu pazo de San Pedro de Nós nunha granxa-escola de agricultura e no que tamén

destina unha parte do mesmo a escola de educación primaria para nenas. Ata 200 figuran alí matriculadas en 1924.

Como boa burguesa e liberal de primeira hora, cría na capacidade da educación para mellorar a vida das persoas e para formar cidadáns útiles a si mesmos e á república, mais tamén por esta súa condición participaba dunha ollada educativa marcada por un selo clasista, paternalista e elitista, sen esquecer tampouco a vertente de utilidade profiláctica que tiña educar as xentes para evitar a súa caída nos brazos de ideoloxías que xa alborexaban no horizonte (socialismo, anarquismo), e que se valoraban como outras tantas ameazas á apenas estreada orde social burguesa. Nada moi distinto do que pensaban contemporáneos seus implicados na reforma educativa como Pablo Montesino, Pedro Felipe Monlau, ou os galegos Ramón de la Sagra e Concepción Arenal. Haberá aínda que agardar un tempo, Institución Libre de Enseñanza mediante, para que se impoña a visión moderna dunha educación pública, universal, non sexista, financiada polo Estado e que, no canto de fixar discriminacións entre os que poden e non poden estudar, iguale as condicións para que todos e todas poidan facelo. En calquera caso, e como deseguido repasaremos, a problemática educativa, moi en especial a que afecta as nenas, será un espazo de debate no que as mulleres terán opinión e intervención, un espazo, en definitiva, para facérense presentes na esfera pública.

Dicía que en 1863 Juana de Vega era xa unha figura popular e coñecida porque o seu nome se asocia ao intenso activismo que mantén por entón na cidade a Asociación de Señoras de Beneficencia, da que é presidenta, e que a estas alturas do século aparece como a mellor e máis perfecta mostra da vitalidade da sociedade civil herculina, con moitas e importantes responsabilidades no mantemento

e na xestión diaria tanto dos seus establecementos de beneficencia como do Hospital de Caridade. Dona Juana era, ademais, unha heroína con todas as letras, após o seu comportamento exemplar cando a pandemia de cólera que batera na cidade a finais de 1854. Desde 1856 ostenta o cargo de viceprotectora dos establecementos de beneficencia de Galiza, un posto con máis nome que atribucións, e era de coñecemento común o seu papel na chegada ao país das irmáns da Caridade, as alcumadas «enfermeiras de Deus», entón fundamentais polo seu traballo en hospitais e en todos cantos establecementos gorecen a mulleres e a raparigos desamparados. Porén, só as súas amizades máis achegadas saberían das xestións feitas para erguer un manicomio en Conxo, que unicamente se faría realidade logo da súa morte. Participa, xa que logo, e con moita intensidade, no espazo da filantropía e da beneficencia, un tema central nas décadas medias do XIX porque se roza co temido «pauperismo», co espectro das clases perigosas que o progreso capitalista en marcha deixa á marxe e abeira nunha situación de indefensión que pode revirar en actitudes violentas contra a orde vixente. Os milleiros de esmoleiros e pobres de solemnidade que malviven en vilas e cidades, moitos deles mulleres e nenas, constitúen a proba máis evidente dun problema social que o é tamén de orde pública. Será este, como logo analizaremos, outro oco de actuación no que a opinión e o activismo femininos faranse notar.

Desde 1836 Juana é viúva dun militar de sona, o xeneral Francisco Espoz y Mina, todo un referente patriota e liberal pola súa loita contra dos franceses na guerra da Independencia e posteriormente contra dos realistas e carlistas no conflito civil de 1833 a 1839. A este casamento debía o seu título de condesa de Espoz y Mina.

Juana fora tamén, entre 1841 e 1843, aia e camareira maior da que logo sería a raíña Isabel II, por entón unha rapariga que entraba na puberdade, con responsabilidades moi importantes no seu coidado e na súa formación, por non falar das implicacións políticas que tiña ocuparse da educación dunha futura raíña que se imaxinaba e se desexaba liberal e constitucional. Pasaba tamén por ser unha muller culta e moi lida, que dispuña dunha ben nutrida biblioteca, e de feito figura como editora das *Memorias* do seu marido aparecidas en 1851 en cinco voluminosos tomos, das que hoxe temos a fundada sospeita que gran parte da súa escrita corresponde á propia Juana. Isto, xunto doutras producións saídas da súa pluma mais só publicadas logo de morrer, permite situala dentro do selecto grupo de mulleres que puideron e souberon usar da escrita para teren voz nun século difícil e pouco agradecido coas gorxas femininas que buscaban un espazo propio dentro dun coro practicamente monopolizado por varóns.

O perfil de dona Juana, porén, estaría incompleto de non facer mención a un outro aspecto da súa traxectoria vital que contradí por completo os valores que a moral dominante do tempo impuña ás femias. Refírome, como xa se pode supor, ao seu activismo político, á súa condición, en palabras de José Antonio Durán, de primeira dama do liberalismo progresista español. Juana mama a política desde o seu berce. Seu pai, o comerciante Juan Antonio de la Vega, é un dos liberais galegos de primeira hora, dos contados que publicamente o apostan todo ao 12 da Constitución e que padece nas súas carnes a represión do absolutismo de Fernando VII. Ao casar, en 1821, con Espoz y Mina, entón capitán xeral de Galiza e un dos líderes do liberalismo exaltado, Juana insírese na axitada vida política destes anos, unha implicación que ten continuidade entre 1824 e 1834

nos dez longos anos que pasa exiliada xunto do seu home, e nos que participa da rede conspirativa contra o absolutismo fernandino da que Espoz y Mina é cabeza principal. Xa viúva, e retornada á Coruña, a súa vivenda acubilla un soado faladoiro, a súa coñecida «tertulia», que todos os días, de 9 a 11 da noite, reúne a persoeiros que soan na vida pública da cidade (entre eles, Concepción Arenal), e aquí fálase de temas de actualidade, de educación, de literatura, de beneficencia e, como non, tamén de política. De certo que na cidade sóubose, con escándalo, da acusación de que foi obxecto de participar e apoiar o fracasado golpe que, en abril de 1846, encabeza en Galiza o militar Miguel Solís contra do goberno moderado do xeneral Narváez, e que ten un remate tráxico e sanguento nos logo coñecidos como Mártires de Carral, mais sen dúbida que a sorpresa sería maiúscula de coñecerse que esta viúva de perennes roupaxes negras e aspecto sobrio e puritano, participaba como unha máis nas estratexias políticas dos progresistas coruñeses e galegos (os José Pardo Bazán, Daniel Carballo, Juan Montero Tellinge, José Arias Uría, Antonio Romero Ortiz, Augusto Ulloa, Antonio Neira de Mosquera, Benito Vicetto, Andrés Garrido, Hipólito Otero, Juan Manuel Pereira, Benito María Alonso, Eduardo Chao, Domingo Antonio Pozzi, Manuel Becerra Llamas, Ubaldo Chicharro, Ruperto Suárez, Eduardo Ruiz Pons, Vicente Alsina...), unha sorpresa que reviraría en escándalo sen paliativos de saberse que esta mesma muller mantiña unha intensa correspondencia con algúns dos máis soados liberais progresistas da altura, dos que era confidente e, por veces, conselleira política. Os apelidos dos seus interlocutores falan por si sós: Manuel José Quintana, Agustín de Argüelles, José María Calatrava, Ramón Gil de la Cuadra, Salustiano Olózaga,

Baldomero Espartero, Juan Álvarez Mendizábal... A política era un espazo vedado para as femias, unha ocupación que se entendía exclusiva dos varóns, unha actividade só propia dos que vestían pantalóns e gastaban chaqueta, mais tamén aquí, entre bastidores e dun xeito informal, Juana de Vega deixará a súa pegada. Será este eido da política o derradeiro que, da súa man, repasaremos nesta batalla inacabada que protagonizan algunhas mulleres por facerse un oco na esfera pública, porque tamén aquí, a pesar de todas as prohibicións e de todos os atrancos legais, pelexarán por facerse ouvir.

Educación, tamén para elas

Risueños están los mozos,
gozosos están los viejos
porque dicen, compañeras,
que hay libertad para el pueblo
(...).

Muchos bienes se preparan,
dicen los doctos al reino,
si en ello los hombres ganan
yo, por los hombres, me alegro.
Mas, por nosotras, las hembras,
ni lo aplaudo, ni lo siento,
pues aunque las leyes se muden
para nosotras no hay fueros
¡Libertad! ¿Qué nos importa?
¿Qué ganamos, qué tendremos?
¿un encierro por tribuna
y una aguja por derecho?

¡Libertad! ¿De qué nos vale
si son los tiranos nuestros
no el yugo de los monarcas,
el yugo de nuestro sexo?
(...)
Los mozos están ufanos,
gozosos están los viejos,
igualdad hay en la patria,
libertad hay en el reino.
Pero, os digo, compañeras,
que la ley es sola de ellos,
que las hembras no se cuentan
ni hay Nación para este sexo

Os versos apaixonados da extremeña Carolina Coronado, xa nunha data tan temperá como 1846, denuncian o gran paradoxo do liberalismo. Unha ideoloxía nada con ínfulas de universalismo, alicerzada na loita pola liberdade fronte do despotismo das monarquías abso-lutas, en realidade só liberara a metade dos seres humanos porque deixara fóra da cidadanía política, e tamén orfas de moitos dereitos sociais, a todas as mulleres. O seu carácter censatario, ademais, excluía por mor de causas económicas tamén á maioría dos varóns, mais era o xénero, «el yugo de nuestro sexo» como berra a poetisa, o que expulsaba ás femias da esfera política e as convertía en me-nores de idade a efectos legais. Porén, esta exclusión lexislativa e formal non impediu nin a aparición de voces femininas críticas con esta situación, nin tampouco o desenvolvemento dun activismo que tenta aproveitar os ocos que deixa a norma para ter presenza no espazo público.

Moito antes de que, no decurso da segunda onda feminista, aló polas décadas de 1960 e 1970, activistas e manifestantes berrasen aquilo de que «o persoal é político», outras mulleres (e tamén algún home) entenderon que a participación política ía alén da capacidade de sufraxio, da presenza nas redes informais de «amigos políticos» ou da posibilidade de expresar opinión nunha prensa en rápido desenvolvemento. En termos actuais, diríamos que a «política» entendida en senso restrinxido como o que fan os políticos, daba paso a unha concepción ampliada do «político» valorado como o que interesa e se ocupa da xestión do público e do colectivo, do que afecta ao conxunto da comunidade, e aquí as posibilidades de acción multiplícanse, tamén para as mulleres. O eido educativo vai ser un dos espazos nos que dar unha batalla pola igualdade que, porén, no século XIX saldarase con máis sombras ca luces polo que fai á educación das nenas.

Os precedentes son ilustres, aínda que tamén puntuais e excepcionais. O francés Poulain de la Barre, xa no último terzo do século XVII, publicara *De l'égalité des deux sexes* e, máis preto de nós, fora o padre Feijoo, en 1726, dentro do seu monumental *Teatro Crítico Universal*, o que abría o debate sobre a suposta inferioridade intelectual feminina e a súa incapacidade para aprender e para educarse en igualdade de condicións co home. As verbas do ourensán, «sepan, pues, las mujeres que no son en el conocimiento inferiores a los hombres», e o seu obxectivo declarado de «persuadir al género humano la igualdad de ambos sexos en las prendas intelectuales», resoarían con forza nos ouvidos da aragonesa Josefa Amar de Borbón cando, en 1786, publica o seu *Discurso en defensa do talento das mulleres*, e tamén nos de autores como o pouco coñecido Pedro

Montengón ou o máis popular José Cadalso, que sitúan na boca dos seus personaxes femininos a afirmación de que só o interese dos homes mantén as mulleres na ignorancia, por canto de poderen acceder a unha educación igualitaria ningunha razón fisiolóxica hai para que as femias aprendan menos ou peor ca os varóns. Ilustrados como Campomanes, León del Arroyal, o galego Vicente do Seixo ou Jovellanos, coa ollada centrada na necesidade imperiosa de man de obra que poña o seu gran de area no desenvolvemento económico do país, teiman na valía feminina para case todo tipo de ocupacións, previo acceso a unha formación que, sen embargo, e ata entón, teñen vedada. A madrileña Inés Joyes Blake, no seu ensaio *Apoloxía das mulleres*, publicado no gonzo dos séculos XVIII e XIX, en 1798, acerta ao acusar con xenreira e carraxe o xénero masculino de manter interesadamente na ignorancia ás mulleres para deste xeito perpetuar a súa superioridade sobre delas, e con voz firme non dubida en personificar esta actitude naqueles eclesiásticos que pontifican que a muller ten dabondo con coser, cociñar e rezar. Todo o que reborde estes ámbitos é caer na «bachillería» e converterse nunha «marisabidilla», participar dun van intento de equiparación co varón que unicamente redundará no seu afastamento e desprezo social.

Ata fins do século XVIII o interese oficial polo fomento da educación das nenas é moi escaso. A iniciativa máis ambiciosa son as chamadas «escolas gratuítas», que buscan ofrecer a raparigas de familias sen recursos a posibilidade de aprenderen doutrina católica, valores morais e «labores de aguja». O obxectivo, moito máis que asegurar uns mínimos alicerces educativos, é sacalas das rúas e aprenderlles un oficio. É unha iniciativa exclusivamente urbana para unha poboación nomeadamente rural, o que implica unha

evidente limitación de partida e, se ben dispón dunha dirección estatal, o financiamento chega só pola vía privada das esmolas e as subscricións polas que turren as xuntas locais de caridade. Aquí está un dos nós gordianos que afecta, e afectará perante todo o século XIX, as iniciativas que buscan estender as primeiras letras, o ensino primario, ás cohortes de menor idade, en concreto as eivas orzamentarias que inflúen a un estado en construción lastrado polas perdas coloniais de comezos de século, unha elevadísima débeda pública, as destrucións derivadas dos conflitos bélicos e unha capacidade de recadación fiscal escasa, ademais de clasista e mal repartida. Asemade, o liberalismo de mediados do XIX non contempla entre as súas obrigas irrenunciabes financiar a educación dos seus administrados: as familias con dispoñibilidades económicas pagarán por elas mesmas aos docentes dos seus fillos, no entanto as que carezan de recursos deberán botar man de escolas mantidas por mecenas privados ou daqueloutras públicas dependentes duns concellos tan escasos en diñeiros como sobrados de obrigas. Calquera que teña traballado o século XIX en arquivos locais e provinciais, pode testemuñar os laios constantes e reiterados das autoridades sobre a crónica falla de financiamento co que garantir unha mínima atención educativa á poboación en idade escolar. A metáfora da galiña que tenta protexer todos seus pitiños mais que ten as alas furadas, reflicte ben esta situación. Que o primeiro ministerio de educación, co nome de ministerio de Instrución Pública, non apareza ata o ano 1900, e que os soldos dos docentes non se recollan nunha partida dos orzamentos públicos ata 1901, non é nin unha anécdota nin unha casualidade. Con sobrada razón, o profesor Beltrán-Tapia afirma que «si hubo una etapa que sufrió la inacción estatal, esta fue la

enseñanza elemental», unha idea que corrobora o historiador Manuel Santirso coa ollada posta no conxunto de Europa: «El porcentaje del gasto que las administraciones centrales europeas dedicaron a la enseñanza en esa época [entre 1830 e 1870], resulta tan ridículo que he renunciado a construir un cuadro con él».

Se isto é así para o conxunto dos escolantes, as nenas aínda o teñen peor, porque tanto os contados recursos como a limitada vontade de ofrecer educación da banda das elites de goberno, concéntranse con preferencia nos varóns. Aquí tamén o patriarcado fai o seu agosto, e unha cultura marcada a lume pola subordinación e a situación de dependencia en que mantén ás mulleres deixa o seu selo. Só a partir destas coordenadas é posible entender que, contra o 1900, e alén da exactitude dunhas magnitudes nas que os especialistas non rematan de convir, a taxa de analfabetismo das mulleres maiores de 10 anos supere o 70% fronte á duns varóns que se sitúa no 55%. E tamén só a partir destas coordenadas podemos entender os diferentes niveis de esixencia que marca a práctica do maxisterio en función do xénero: por exemplo, que en 1825 para ser mestra de nenas saber ler, escribir e contar apenas fose só un mérito e non un requisito esixible, que moitas das súas escolas mediado o século estivesen xestionadas por relixiosas sen título oficial algún, que a primeira escola-normal de mestras se erga en 1858 case vinte anos despois da súa homónima masculina (e cun plan de estudos visiblemente menos ambicioso) ou que durante todo o século se manteña unha visible fenda salarial en detrimento das mestras. O Estado, xa que logo, amosa as súas limitacións educativas, e o oco que se xera tenta cubrirse, máis mal que ben, con iniciativas xurdidas da sociedade civil como a xa vista de Juana de Vega. Claro que a sociedade

española carece da vitalidade e da fortaleza asociativa da inglesa que se adoita tomar como referente, sen que tampouco a política educativa responda aos criterios de investimento e de control estatal que se desenvolven en países como Prusia.

A actuación educativa de damas como Juana de Vega ten un espello na de outras hoxe apenas lembradas como a sevillana Trinidad Grund, a chilena afincada en Barcelona Dorotea de Chopitea, a valisoletana Gonzala Santana, a madrileña vizcondesa de Jorbalán, a cordobesa María del Pilar de León, a malagueña Amalia Heredia Livermore ou a turolense Dolores Romero, mulleres, cada unha coas súas particularidades e afinidades ideolóxicas, preocupadas por ofertar escola a nenos e nenas sen recursos. Son, todas, accións e exemplos individuais, tan rechamantes e loables como puntuais e insuficientes. Máis interese e repercusión teñen outras iniciativas de carácter colectivo, aínda que só sexa porque implican a un número maior de mulleres e porque supoñen un desafío organizativo que demostra a súa capacidade para facerse presentes e reivindicarse no espazo público. O interese pola educación feminina, tanto polo que fai ás mulleres adultas como ás raparigas, é visible na actuación das xuntas de damas que nacen ao abeiro das semipúblicas Sociedades Económicas de Amigos do País desde finais do século XVIII, das seccións de señoras integradas en institucións privadas, como por exemplo a do madrileño Instituto Español na década dos 40 do século XIX, das asociacións benéficas de mulleres «respectables» que ofrecen escolas e mestras ás mulleres e nenas recollidas en hospicios e asilos de beneficencia, dos ateneos e casinos republicanos que fan o mesmo nos anos do Sexenio Democrático ou de creacións, de clara inspiración krausista, como a Asociación para la enseñanza de la

mujer, que se ergue en Madrid en 1870. Apenas pingas no amplo e sedento deserto das necesidades de formación femininas, mais representativas da capacidade de axencia destas mulleres reunidas, que, mesmo cando na súa organización dependen de sociedades rexidas por varóns, amosan un degoiro de autonomía e de autoxestión que cómpre valorarmos dentro dun contexto xeral moi pouco agradecido con este tipo de actuacións públicas con liderado feminino.

En 1855, o que fora director xeral de Instrución Pública, Antonio Gil de Zárate, afirmaba que «la cuestión de la enseñanza es cuestión de poder; el que enseña, domina, puesto que enseñar es formar hombres, y hombres amoldados a las miras del que adoctrina». Xa que logo, a educación é, tamén, unha cuestión política, un tema que transcende os límites do privado e do familiar, do íntimo e do persoal, de tal xeito que a intervención das mulleres neste eido pode lerse como unha posibilidade de rebordar ou, cando menos, de flexibilizar e virar porosas as fronteiras convencionais que lles impón a sociedade burguesa e patriarcal; unha maneira, en definitiva, de participar na esfera pública e de chimpar por enriba dos límites que fixa unha ideoloxía da domesticidade que as quere recluídas no fogar ocupadas do marido e dos fillos. Que isto aconteza precisamente no eido educativo nada ten de fortuíto, porque o chouto argumentase como unha simple prolongación cara ao exterior da obriga educativa que teñen as nais no seo familiar: o que fan estas mulleres é dar continuidade pública a un quefacer doméstico. Exercer esta «maternidade social» non ten, en principio, ren de revolucionario nin de perigoso para o monopolio masculino do público, e así o entenderon cando menos unha parte das elites de goberno que dan a súa beizón a este activismo.

A cuestión, porén, dista moito de moverse nunha unanimidade de pareceres. Primeiro, porque son abondosas as voces que defenden unha suposta incapacidade feminina para a aprendizaxe. E, segundo, porque unha cousa é cadrar nos beneficios de outorgar escola ás mulleres, e outra moi diferente fixar ata onde debe chegar esta oferta educativa e cal debe ser o seu grao de ambición. Contra unha pretendida falla de predisposición da muller para poder ser educada, que viría marcada pola súa bioloxía, argumentaron desde ben cedo plumas tan coñecidas como as da francesa Olympe de Gouges na súa *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá* ou a inglesa Mary Wollstonecraft na súa *Vindicación dos dereitos da muller*, as dúas de finais do século XVIII. Xa vimos como tamén o fan damas senlleiras da Ilustración española, mais o certo é que aínda na segunda metade do XIX voces como as das galegas Concepción Arenal ou Filomena Dato Muruais tiveron que defender tanto a posibilidade como a utilidade da educación feminina:

Os que negan á muller
intelixencia e talento
a mellor contestación
cicais que fose o desprezo

di Filomena Dato en 1887. Ou, como no seu día sinalou unha indignada Rosalía de Castro: «La sociedad que los hombres han hecho a su gusto nos prohíbe hasta pensar». Un exemplo de oposición á formación das mulleres alén duns niveis moi básicos, tirado de entre moitos outros posibles mais cheo de significación por quen o personifica, é o do ben coñecido médico republicano coruñés Ramón Pérez Costales, tan avanzado en ideas políticas e sociais como

convencido de que a configuración sexual e biolóxica incapacita as femias para os estudos serios e esixentes en dedicación.

A cantidade e a calidade da educación que conviña ás mulleres foi obxecto de vivos debates. De maneira xeral, e conforme avanza o século, a idea que se impón é a do seu acceso á alfabetización e a un feixe de saberes básicos, entre os que ocupan un espazo e un tempo importantes as labores «propias de su sexo». Como primeiras formadoras e guías morais dos futuros cidadáns, precisan duns saberes que as capaciten para esta función. Porén, non se trata tanto de instrución e de amarear coñecementos como de educar os seus sentimentos naturais, de cultivar uns valores inxénitos en proveito da súa descendencia. De acordo coas teorías defendidas por Jean-Jacques Rousseau, a formación feminina ten un carácter subordinado ás necesidades educativas dos varóns, é dicir, non se xustifica por si mesma e a partir de criterios endóxenos, senón que a súa importancia se valora na medida en que contribúe á educación masculina, é dicir, depende dun factor esóxeno. Isto abre un espazo de posibilidade, un campo de actuación, de límites evidentes, mais non é menos certo que tamén de fronteiras pouco definidas, de tal xeito que non faltan plumas que, sen discutiren abertamente esta formación subordinada e condicionada, defenden unha instrución feminina máis ambiciosa e de maiores contidos. Relecturas actuais a respecto do ideal feminino que representa a figura burguesa do «anxo do fogar» e do papel xogado polas coñecidas como «escritoras virtuosas» da segunda metade do século XIX (Pilar Sinués, Ángela Grassi, Josefa Massanés, Faustina Sáez de Melgar, Sofía Tartilán), transitan por aquí, polas liñas de fuga e as fiestras entreabertas que permite o marco cultural dominante e que fornece alternativas,

limitadas pero certas, para argumentaren a prol dunha maior e mellor educación para as nenas.

Porén, e como xa repasamos, nin o Estado pola vía da lei Moyano de 1857, nin os esforzos despregados desde a sociedade civil, nos que tamén hai que incluír os orixinados en congregacións da igrexa católica, foron quen de cubrir estas demandas, de tal xeito que a finais de século a simple alfabetización das mulleres é aínda unha cimeira por conquistar. Peor é aínda a situación a respecto do acceso ás ensinanzas medias e á universidade, dous camiños practicamente vedados para elas. Máis unha vez, supostas razóns biolóxicas e fisiolóxicas afastan ás femias dos estudos máis arduos que a súa «débil» constitución non atura, criterios que atopan apoio en que semellante dedicación de tempo e de esforzo iría en detrimento da súa función de nais e esposas, desnaturalizándoas completamente, e ata murchando a súa fermosura, todo por mor dun devezo irracional que as leva a queren ser «bachilleras», «doctoras» e «pedagogas con faldas». Mais, a carón destas razóns públicas, hai outras máis agochadas que souberon ventar figuras como Concepción Arenal ou Emilia Pardo Bazán, igual que antes fixera, por exemplo, nun ensaio titulado *A escravitude das mulleres*, o matrimonio formado polos ingleses John Stuart Mill e Harriet Taylor Mill. Trátase, en concreto, do temor a que o acceso a estudos superiores faculte as mulleres para o exercicio de todo tipo de traballos, co que non só se poñerían en cuestión os alicerces mesmos da teoría das dúas esferas complementarias pero separadas, coa pública monopolizada polos varóns e con elas centradas no privado e no doméstico, senón que se introduciría un factor de competencia que unha vez instituído ninguén sabía cara a onde podía derivar. Nun ámbito moi concreto,

o da literatura profesional, ata un autor consagrado como Leopoldo Alas, o coñecido «Clarín», manifesta o seu desacougo pola presenza en aumento de escritoras que compiten nun mercado ata entón libre de interferencias femininas e ocupado en exclusiva por varóns. Máis preto de nós, as coñecidas dificultades que ten Rosalía de Castro, e que ela mesma sinala, para ser publicamente recoñecida como escritora de seu, en parte tamén camiñan por aquí. E neste mesmo senso, é moi indicativo que no Congreso pedagóxico hispano-portugués-americano de 1892, diante da cuestión que interroga aos asistentes sobre o acceso das mulleres a todo tipo de traballos, a resposta sexa negativa: mestras, telefonistas, contables, farmacéuticas, médicas de mulleres ou bibliotecarias, si, mais enxeñeiras, biólogas, avogadas, xuíces, notarias ou veterinarias, non.

Os espazos da beneficencia: entre o abeiro e o encerro

En 1839, o coruñés Ramón de la Sagra, entón xa un persoeiro recoñecible e con nome propio no eido do reformismo social, apela as mulleres para que saian do acubillo que lles ofrece o teito doméstico e asuman o seu «destino social». Convídaas a abandonaren a súa zona de confort e a proxectarse cara ao exterior para labrar a «felicidad general». O chamamento responde a unhas coordenadas moi concretas: as necesidades sociais obrigan a que as donas estendan a súa natural capacidade para os coidados ao conxunto dos necesitados e «menesterosos» que, de xeito paradoxal, son moitos mesmo neste século de rápidos progresos materiais. En especial, raparigos e mulleres deben ser obxecto preferente da súa protección, porque obxectivamente son os máis damnificados por un progreso

que non fai prisioneiros nin agarda por ninguén, e porque resultan os máis febles na loita cotiá pola supervivencia. Ser nais sociais é o seu destino na sociedade moderna, di de la Sagra, e iso esixe participar da esfera pública e inserirse en coordenadas que transcenden o doméstico. Velaí outro eido respectable para a actuación feminina, o da beneficencia entendida en senso amplo, que mantén ademais unha relación tan lóxica como estreita co educativo que vimos de repasar, de tal xeito que a acción combinada de protección e formación permitiría nun futuro vindeiro, aínda que indefinido na súa concreción temporal, chegar á cobizada sociedade liberal de clases medias que imaxinan os reformadores sociais.

As implicacións políticas dunha tarefa semellante saltan á vista. Primeiro, porque supón un horizonte de enxeñaría social que inclúe unha evidente opción ideolóxica. Segundo, porque ten unha afectación colectiva e comunitaria de dimensións potencialmente moi amplas. Terceiro, porque unha actuación no eido da reforma e o auxilio social pode provocar sinerxías de significado político. E cuarto, porque a cuestión da beneficencia tamén é, e non dun xeito simplemente lateral, un tema de orde pública. De feito, e a ollos das autoridades, sacar das rúas os esmoleiros, os «pobres de pedir» e, en xeral, a todos cantos non son quen de subir ao barco do progreso e quedan tirados nas beiras, moitos deles mulleres e nenas, é o obxectivo primario. Unha vez recollidos e controlados, xa se verá que facer con eles. E como a capacidade de xestión, de atención e de financiamento do Estado é tan limitada e está tan esixida por outras cuestións, de novo faise unha apelación á sociedade civil, á posta en funcionamento do que os reformistas chaman a «poderosa palanca del asociacionismo» para que asuma estes deberes. Neste

eido, e como xa vimos que acontecía no educativo pero agora aínda con máis forza e máis argumentos, o mantra do estado mínimo e de baixo custo tan querido para a versión do liberalismo dominante a mediados do século XIX, resoa máis unha vez con forza, inspirado sobre todo por un exemplo británico que, con máis intencións ca recursos, se tenta reproducir en España. As posturas, agora, bambean entre un liberalismo moderado que prefire unha beneficencia liderada pola administración e auxiliada pola iniciativa particular, de alicerce francés, e os liberais progresistas que optan, co ollo posto en Inglaterra, porque sexan as forzas da sociedade civil as que encabecen o proceso, cun Estado que prefiren máis centrado na tarefa lexislativa e en ofrecer solucións de urxencia naqueles casos aos que polas súas dimensións o asociacionismo filantrópico non poida facer fronte. Mais con independencia de intencións e preferencias, a testana realidade impón a súa lei e obriga a facer da necesidade virtude: a dimensión da tarefa e a moi limitada dispoñibilidade de recursos institucionais forzan a espremer todas as posibilidades e a non desbotar ningunha alternativa.

Como acontece en tantas ocasións cando estamos a tratar co século XIX, de quedar só coa letra da lei estaríamos sendo vítimas dun espellismo ou, cando menos, dunha cegueira parcial. En menos de trinta anos, asistimos á promulgación de dúas leis xerais de beneficencia, en 1822 e en 1849, sinal da preocupación lexislativa que esperta o asunto. Nelas, e coas lóxicas diferenzas derivadas de seren froito de dúas conxunturas políticas distintas e ata enfrontadas nos seus principios, fíxase a estrutura administrativa e xerárquica que ordena a prestación de servizos, cun papel moi relevante sobre todo de concellos e deputacións. O problema está, como xa

analizamos ao falar do eido educativo, nas moi limitadas capacidades financeiras das institucións locais, superadas por unhas obrigas de gasto e investimento para as que non están preparadas. Esta situación de arcas baleiras combínase, en especial a partir de 1836, co desenvolvemento da política desamortizadora que afecta aos bens da Igrexa, de tal xeito que a tradicional actividade caritativa das institucións eclesiásticas, básica na xestión e no control da miseria nos tempos do Antigo Réxime, diminúe moitos enteiros sen que o Estado liberal estea en disposición de ocupar o enorme baleiro que entón se produce. Na *Gaceta*, o antecedente do moderno *Boletín Oficial del Estado*, nos boletíns provinciais e mesmo nas actas dos concellos, a lexislación sobre beneficencia é abundosa, o esquema xerárquico no que se integran os diferentes niveis da acción gobernamental está claro, e sinálanse os fondos e as partidas das que debe saír o necesario socorro. Todo isto é importante porque cobre o costado imprescindible da organización e da planificación, mais resulta insuficiente cando as partidas orzamentarias destinadas a solucionar as necesidades da poboación «menesterosa» son escasas e, o que resulta máis grave, en boa medida ficticias por canto a súa presenza no papel non garda correspondencia nin coa realidade dunhas tesourerías locais orfas de fondos nin cuns recursos humanos apenas presentes.

Recorrer ás virtudes do asociacionismo, un lugar común para as décadas centrais do século XIX, é un dos paliativos que se pon en marcha. Desde concellos e deputacións o chamamento diríxese, en especial, ao colectivo feminino, a aquelas damas dotadas, como din as respectuosas cartas de convite que se redactan, de sensibilidade, formación e talento e dispostas a ofrecer unha parte do seu

tempo de lecer a prol dos máis necesitados. A compoñente elitista e de clase da chamada é clara, porque por entón a formación e o tempo de lecer (fariña doutra muiñada é a sensibilidade) son un privilexio só ao alcance de mulleres burguesas e aristócratas. Do mesmo xeito que queda clara a subordinación xerárquica a respecto da administración coa que actuarían estas damas asociadas no caso de aceptaren o convite. As regras do xogo, e os seus límites, están claras, mais unha vez que a partida se pon en marcha xa se sabe que cada xogador manexa as súas cartas o mellor que pode e sabe, sen os resultados estaren determinados de antemán por máis que caiba agardalos.

Coñecemos bastante ben o caso da Asociación de Señoras da Beneficencia que se ergue na Coruña en 1839 como resposta á chamada feita desde o concello, unha demanda de colaboración que atopa eco en moitas outras poboacións do Estado aínda que con resultados desiguais. No fundamental, o que se solicita das señoras coruñesas é daren o paso da caridade particular, a da esmola diaria da misa de once, á colectiva, á beneficencia organizada. Pídeselles que asuman o seu deber como nais sociais e que sitúen as virtudes domésticas que se lles supoñen a prol dunha mellora da sociedade. Que ocupen, xa que logo, un espazo na esfera pública, aínda que sexa modesto, subordinado aos gobernantes varóns e con atribucións limitadas. Mais o que acontece desde entón na cidade herculina, como adoita pasar cando se abre unha fiestra de oportunidade así sexa pequerrecha, de certo que non entraba nas previsións dos ben intencionados concelleiros que imaxinarían un grupo de señoras dócil as súas indicacións, sen iniciativa propia e de actuacións limitadas e pouco ambiciosas. Porén, xa se sabe que as reformas

cárgaas o demo, e que, unha vez en marcha, a súa dinámica é difícil de predicir e de controlar. Meu dito meu feito, isto xustamente é o que atopamos coa Asociación de Señoras da Beneficencia.

Desde as primeiras semanas as damas reunidas amosan unha enorme vitalidade e, o que resulta máis sorprendente, un dezo mo visible por acadar densidade asociativa e desenvolver unha actividade sen máis titorías externas cás fixadas estritamente pola lei. Ata finais de 1871, o ano da súa desaparición, a asociación gaña músculo organizativo, aumenta o número de socias, adquire maior autonomía, incrementa as súas atribucións nos espazos benéficos en que ten presenza (que rematan por ser todos os da cidade), asume máis responsabilidades nos seus eidos de actuación e acada cada vez unha maior autosuficiencia financeira, algo fundamental para poder negociar cunhas institucións públicas das que legalmente depende. Pouco máis de dúas décadas após a súa fundación, á altura de 1863 a asociación de señoras ten responsabilidades moi importantes na xestión diaria, no abastecemento, nas obras realizadas e no financiamento do Hospital da Caridade, do Hospicio e da «Inclusa» provinciais e do Asilo de Mendicidade municipal, é dicir, en todas as institucións que acubillan a doentes, orfos e esmoleiros, que para a súa desgraza se contan por milleiros na cidade. Da boa saúde financeira da asociación de señoras ofrece excelente demostración a merca, en 1860 e a finais de 1869 (neste caso cunha achega de cartos moi voluminosa da súa presidenta Juana de Vega), de dous edificios coa perspectiva de adicalos a tarefas de beneficencia, que de seguido ceden, pola mesma cantidade en que os adquiriron mais a pagar en cómodos prazos, a concello e deputación, respectivamente. As damas reunidas demostran que non son nin un adorno nin un floreiro da

xunta local de beneficencia diante da que renden contas, e que en absoluto se limitan a seguir o sendeiro marcado polas autoridades masculinas do concello e da deputación.

Pola contra, non disimulan en absoluto a súa faciana proactiva, traballan con moita actividade na busca dun financiamento sempre valorado como insuficiente para o volume de necesidades atendidas, e non dubidan en protestar ruidosamente cando entenden que as autoridades invaden as súas engordadas competencias ou non atenden como é mester as necesidades dos abeirados nos centros que xestionan. Neste senso son fundamentais e, ao tempo, incómodas para seus interlocutores institucionais: elas sábeno, negocian as súas relacións a partir desta posición reforzada e, en definitiva, actúan na praza pública a cara descuberta. Fano nun ámbito consentido e que conta coas beizóns da moral e a cultura dominantes, e neste senso o seu traballo non é disruptivo nin unha ameaza real para o control masculino do público, mais o simple feito de teren unha presenza cidadá tan marcada e, sobre todo, os modos e maneiras a partir dos que actúan, con iniciativa, sen atenderen a titorías exteriores, cunha pronunciada autonomía e cun manexo escrupuloso ao tempo que decidido dos fondos cos que contan, convértenas nun activo de primeira orde e nun actor social por dereito propio. Non creban as barreiras que debuxa o xénero, é certo, mais dilátanas e introducen nelas unha tensión que as deturpa e déixaas preparadas para que outras mulleres, con ideas distintas e aspiracións diferentes, continúen na loita.

Emilia Pardo Bazán, filla de Amalia de la Rúa Figueroa, unha das damas que integran a asociación benéfica coruñesa, definiu en 1907 o traballo de súa nai e o das súas compañeiras como un

desafogo «simpático» para unhas mulleres cinguidas a unhas vidas marcadas polo tedio, a rutina e, en xeral, dabondo folgadas. Algo disto, sen dúbida, hai na súa actuación, aínda que só sexa porque o privilexio de teren tempo de lecer é *conditio sine qua non* para desenvolveren as súas accións. Mais con ser unha premisa fundamental e de partida, nin esgota as explicacións posibles do seu activismo nin, moito menos, valora con xustiza a densidade da súa axencia. Desde a súa ollada feminista e emancipada, a Condesa de Pardo Bazán, a cincuenta anos vista, fai unha valoración extemporánea e mesmo un chisco anacrónica do feito e do acadado por mulleres como a súa proxenitora obrigadas a movérense nun contexto e dentro duns patróns de acción, dunha mentalidade e duns modelos educativos que non son os das primeiras décadas do século xx. É a maldición das pioneiras, non sempre recoñecidas mesmo por aquelas chamadas a dar continuidade ao seu legado, aínda que o fagan inevitablemente ao seu xeito e a partir de criterios propios e mesmo contraditorios co traballo anterior.

O que coñecemos dos alicerces teóricos que moven á acción a estas damas respectables, cadra moi ben coas argumentacións que Concepción Arenal, ela mesma integrada na asociación durante os seus anos coruñeses, recolle por escrito en 1861 no seu coñecido e aplaudido *A beneficencia, a filantropía e a caridade*. Un fondo de caridade cristiá, decididamente evanxélica, informa a actuación e énchea de transcendencia. A pobreza e a miseria, argumenta Arenal, son creacións divinas valoradas como inevitables, mais tamén é unha inspiración que procede de Deus a que leva ás mulleres que poden e saben a mobilizárense para remediar no posible estas situacións. En ningún intre se fala de xustiza social; en ningún caso se pensa

en revirar as estruturas sociais tornándoas máis democráticas, máis igualitarias e con maior igualdade de oportunidades. Estas mulleres son fillas dunha revolución, da liberal de comezos do XIX, mais viven e habitan nunha realidade que xa é postrevolucionaria. A ningunha se lle pasa polo maxín a idea dunha nova sociedade ao estilo da desexada polos *levellers* ingleses no século XVII, os protocomunistas franceses de Babeuf a finais do XVIII ou os socialistas utópicos de Fourier na primeira metade do XIX, e de certo que apenas se pola prensa coñecerían das propostas de Marx e Engels. Mais tamén son plenamente conscientes de que non habitan no mellor dos mundos posibles, de que a sociedade precisa reformas e de que a caridade cristiá ofrece un bo punto de enganche a partir do que actuar. A mesma Concepción Arenal confesa moitas veces que a caridade e o pensamento reformista son os vectores que guían a súa acción, e o mesmo acontece nas asociacións benéficas femininas que agroman polos anos medios do século XIX. Paliar, diminuír, axudar a aturar mellor a desgraza é o obxectivo que se persegue, non erradicala de orixe nin tampouco situar os alicerces que permitan a súa drástica redución.

Á hora de analizar e valorar a actuación destas sociedades de señoras, cómpre facelo sempre dun xeito contextualizado e de acordo coas características do marco social e político que lles serve de referencia e que lles marca os límites. Pode semellar obvio e innecesario, mais de cando en vez convén lembrar que nas décadas centrais do XIX non hai nada semellante a un estado do benestar ou un estado providencia, construcións que só toman corpo no século XX, moi nomeadamente na súa segunda metade. Alén de intencións, desexos e proxectos, a realidade cotiá impón os seus marcos, que

para o caso defínense pola presenza recorrente e moi visible nas rúas de centos de seres marxinados e precisados de axuda urxente. As institucións, nin por ideoloxía nin por capacidade, dispoñen dos medios con que atendelos, e por iso a existencia destas asociacións de señoras, obxecto de reclamo oficial, é sempre benvida, á marxe de que logo na concreción do seu traballo poidan resultar moito menos dóciles do agardado polas autoridades masculinas. En calquera caso, o que se ofrece é pouco máis que un mal teito, unha comida frugal e unhas atencións sanitarias básicas, e isto á custa de aceptar os beneficiados un réxime de vida practicamente carcerario con saídas pautadas e controladas, e sempre coa obriga do regreso nocturno. O obxectivo fundamental, non o esquezamos, é sacar a miseria, a desgraza, a perversión e a inmoralidade das rúas, evitar problemas de orde pública e aforrar aos cidadáns e cidadás de ben a visión de situacións que afean un século que se gaba de ser a centuria da civilización e do progreso. Aos máis novos a idea é ofrecerlles unha capacitación que lles permita converterse en homes e mulleres útiles á sociedade, primeiro cunha educación básica e logo coa formación para desenvolver un oficio, mais todo a partir duns recursos moi limitados. No reparto da escaseza, ademais, o xénero marca diferenzas e introduce un criterio de desigualdade xa de partida: na escola do hospicio eles dispoñen de mestres titulados, mentres que elas só de irmáns da Caridade sen capacitación oficial algunha; eles contan con algúns obradoiros formativos e cunha oferta de traballo exterior relativamente variada; elas só con labores de agulla e unhas posibilidades de ocupación practicamente cinguidas ao servizo doméstico. Para os recollidos de maior idade, moitas delas mulleres porque a feminización da pobreza é marca de fábrica da sociedade

galega desde o século XVIII, as alternativas practicamente quedan reducidas a sobrevivir un día máis.

A política, un conto vedado para as mulleres?

Que as mulleres se ocupen de tarefas educativas, actúen no proveito da infancia analfabeta, ofrezan agoiro e acubillo a persoas desvalidas, a nenos e nenas esquecidos e deitados nas cunetas do progreso, contémplase con relativa normalidade por unha sociedade que, como soubo ver hai anos o mestre de historiadores Xosé Ramón Barreiro, imaxinábase cabalgando nas ancas do progreso. Porén, e de acordo co repaso que vimos de efectuar, a presenza das femias nestes espazos da educación e da beneficencia non estivo exenta de tensións e precisou de esforzos argumentais e de non poucos traballos para acadar unha relativa normalización. A liña de continuidade que se establece entre os seus atributos naturais e biolóxicos, entre a súa natureza sexual e a súa sensibilidade maternal, e o desempeño de labores vencelladas coa educación e a atención aos máis desfavorecidos, facilita a aceptación e naturaliza, cando menos en parte, a súa inclusión organizada no espazo público. Que logo algunhas destas mulleres, unha vez desenvolven estas ocupacións e demostran nelas a súa valía, se apoderen e imaxinen camiños de seu cada vez máis autónomos a respecto de calquera titoría masculina, chegará mesmo a valorarse, con máis resignación ca convencemento, como a peaxe a pagar por unha integración que se imaxinou controlada pero que unha vez en marcha voou máis libre do que moitos desexarían.

Nada disto, porén, debía acontecer no eido da política formal. Desde as súas mesmas orixes, as revolucións liberais xeran constitucións e ordenamentos xurídicos de menor rango que sitúan

o sexo feminino fóra deste ámbito, de tal maneira que en España a manifestación máis evidente e máis simple da cidadanía política, a posibilidade de votar para elixir o poder lexislativo, non se acadaba ata 1931. No século XIX, a política represéntase como un couto reservado para os varóns, un espazo dominado pola «hombría» e non poucas veces pola testosterona, como unha dimensión hostil ás femias que repugna á súa natureza sensible e delicada. Na definición ortodoxa que no decurso do século se crea do xénero masculino, do varón que imaxina o liberalismo e a cultura burguesa, a acción política aparece como fundamental, como un dos atributos que se declinan na configuración do home moderno. A política é debate, argumentación, discusión, enfrontamento, violencia verbal, axitación e, non poucas veces, malas artes, disimulos, enganos. É un tema serio, formal, racional, no que os sentimentalismos non teñen cabida e que obriga os practicantes a unha enorme e moralmente perigosa exposición pública. É estar na ágora, no foro, na praza pública, na prensa, na boca de todos, recibir ataques e contestalos, aturar críticas feroces que por veces entran no persoal e noutras faltan ao debido decoro. Para o que agora nos ocupa e nos interesa, a política non é país para mulleres. Na división sexual que ordena os xéneros na sociedade liberal, nesa teoría das dúas esferas separadas e complementarias que diferencia aos homes das mulleres, o público, o político, resérvese en exclusiva para eles.

Esta visión do mundo da política, que por suposto é unha creación masculina, chegou a callar con forza na mentalidade de moitas mulleres, mesmo na de aquelas mellor formadas e máis afeitas a figurar na esfera pública. O mellor exemplo é o de Concepción Arenal, que valora as súas conxéneres válidas para case calquera

tipo de profesión mais que exclúe, explicitamente, o eido político do conxunto de ocupacións respectables, cando menos a partir dos termos en que se manexa por entón a política estatal: sería o seu particular territorio comanche. Na aparencia, e segundo o que vimos de dicir, semellaría que pouco se pode argumentar a partir do binomio muller e política e que sería este un couto vedado para elas, mais a cousa non é tan simple. E non o é por varias razóns. A primeira, que non fallan voces femininas que discuten esta súa exclusión normativa da política formalizada desde o mesmo intre no que se articula. A primeira e máis coñecida é a da francesa Olympe de Gouges xa mencionada no decurso desta disertación, que en 1791 solicita para as mulleres iguais dereitos políticos que para os varóns. O chamamento, porén, non atopa un terreo adubado para agromar porque o contexto é moi pouco receptivo a este tipo de argumentos e de peticións. Mais a pesar disto, a idea da inxustiza que supón a marxinación política das femias mantense no ambiente, de tal xeito que mediado o século XIX a esixencia participativa retómase da man, por exemplo, da tamén francesa Victoire Léodile Béra, máis coñecida polo seu alcume de André Leó, das norteamericanas Lucretia Mott e Elizabeth Cady Stanton, impulsoras da Declaración de Seneca Falls, en 1848, coa súa coñecida afirmación de que «es deber de las mujeres de este país asegurarse el sagrado derecho al voto», xerme da que será a primeira organización sufraxista, a Asociación Nacional pro Sufraxio da Muller, de 1868, da italiana Anna María Mozzoni ou das inglesas Millicent Garret-Fawcett e a máis coñecida Emmeline Pankhurst, nomes clave no desenvolvemento do sufraxismo británico. De todas beberán as súas homónimas españolas, aínda que cunha actividade cinguida no fundamental ao primeiro terzo do século XX.

Unha segunda razón que enche de contido o par muller-política e que permite a súa abordaxe, apunta a unha concepción ampliada do que supón participar en política. O concepto de cultura política permite ollar o universo do político como algo máis que votar, integrarse nunha agrupación partidista, compartir unha ideoloxía definida e estruturada ou perorar nun mitin. Política tamén, e como vimos de repasar, faise ao apostar publicamente pola educación das nenas e traballar para acadala, ou ao loitar porque as desfavorecidas pola fortuna teñan unha mínima oportunidade de desenvolvemento vital. Política faise escribindo en xornais, publicando poesías ou obras en prosa nas que se ofrece opinión en primeira persoa ou por personaxes interpostas, por veces de maneira directa e moitas outras indirecta, e as mulleres, con moitos atrancos, non deixan de aumentar a súa presenza nestes eidos da escrita pública desde mediados do XIX: aí están Carolina Coronado, Gertrudis Gómez de Avellaneda, María Mendoza de Vives, Manuela Cambroneró, Josefa Massanés, Robustiana Armiño, Cecilia Böhl de Faber (coñecida por «Fernán Caballero»), Pilar Sinués, Micaela de Silva, Vicenta García Miranda, Amalia Fenollosa, Patrocinio de Biedma, Antonia Díaz de Lamarque, Joaquina García Balmaseda, Emilia Serrano, Ángela Grassi, Julia de Asensi, Sofía Tartilán, Faustina Sáez de Melgar, Carolina de Soto, Concepción Gimeno de Flaquer..., ao carón das máis achegadas a nós Juana de Vega, Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Filomena Dato, Emilia Carré Torres, Emilia Pardo Bazán ou das menos coñecidas Nicolasa Añón, Felicia Auber, Clara Corral Ayer, Francisca Herrera Garrido ou Narcisa Pérez Reoyo.

A cultura política desenvólvese igualmente pola vía dos símbolos e das cores, que configuran marcadores de identidade

perfectamente recoñecibles para os contemporáneos dos feitos e que transmiten información e opinión a partir dunhas claves das que fan parte os inseridos na vida pública do momento. É o caso das cintas verdes, símbolo do liberalismo, que locen orgullosas mulleres luguesas, coruñesas ou compostelás na primeira metade do século XIX, como tamén o dos «pañuelos a lo Griñó» (en referencia á nai fusilada do líder carlista Ramón Cabrera) que levan as que participan de ideas carlistas, ou as borbónicas flores de lis que engalanan ás seareiras do futuro Alfonso XII aló por 1871 e 1872. Como tamén serven para transmitir e defender contidos de carga política, cando menos en potencia, as actitudes e xestos públicos protagonizados por mulleres, sexan as anónimas que berran contra do inxusto imposto de consumos, a prol de pan barato ou se mobilizan fronte das quintas que secuestran os seus fillos, ou sexan damas respectables da alta burguesía e da aristocracia que en salóns, en faladoiros e nos paseos públicos botan pestes contra María Victoria dal Pozzo, a muller do rei Amadeo I, á que alcuman «La Cisterna» nunha clara referencia escatolóxica aproveitando que seu pai tiña o título de príncipe de la Cisterna.

No binomio muller e política cómpre, asemade, incluír a todas aquelas que, diante da imposibilidade de participaren na vida política a cara descuberta, fano a partir dun rexistro informal, con actuacións entre bastidores, sen se expoñeren abertamente na praza pública, mais que inflúen nunha proporción que apenas podemos intuír en decisións e actuacións de significado político. É o exemplo xa repasado da nosa Juana de Vega, mais tamén do de outras mulleres liberais que estudos recentes sitúan como conselleiras áulicas de persoeiros con peso específico na política decimonónica,

caso de Jacinta Martínez de Sicilia, a esposa do rexente Baldomero Espartero, de Emilia Duguermeur, muller e logo viúva dun mártir do liberalismo como foi Luis de Lacy, de Luisa Sáenz de Viniegra, a compañeira do fusilado José María Torrijos, da infanta Luisa Carlota, esposa de Francisco de Paula, o irmán de Fernando VII, a principal instigadora do casoiro de seu fillo Francisco de Asís coa raíña Isabel II, da moi coñecida Mariana Pineda ou da duquesa de la Torre, Antonia Domínguez Borrell, a esposa de Francisco Serrano, rexente do reino en 1869 e presidente da I República en 1874. Todas, desde a sombra, aínda que por veces a súa intervención fose de coñecemento público, dotadas dunha influencia política tan difícil de concretar nos seus contidos e alcances como desacougante para un público masculino inqueda por semellante inxerencia nunha esfera considerada da súa única e exclusiva incumbencia. A elas, e sen esgotar a cota de posibilidades, aínda se poderían engadir, por exemplo, as «matronas» con peso específico en familias que configuran sagas políticas, algunhas titulares de apelidos con moito peso socioeconómico a nivel local que non dubidan en colocar a prol de determinados candidatos ao Congreso dos Deputados: é o que fan, por exemplo, as «matriarcas» mindonienses dos Pardo Montenegro e dos Martínez Montenegro na segunda metade do século, moi hábiles e activas no recrutamento de votos.

Unha derradeira liña de fuga que apunta ao par política-muller, e que resulta en especial relevante porque interpela as mulleres en canto colectivo e non a partir de criterios singulares, é a que se define a partir da toma en consideración da moi axitada dinámica política que caracteriza a España decimonónica. O peso do contexto, sempre condicionante a respecto das posibilidades de

acción dos actores históricos, ten unha enorme influencia na explicación do variable papel público que as femias asumen no decurso do século, e que debuxa unha marcada traxectoria en forma de dentes de serra. A coñecida como Guerra da Independencia, entre 1808 e 1814, propicia un primeiro espazo no que o colectivo feminino gaña protagonismo. Como é coñecido, os acontecementos bélicos supoñen unha creba radical das convencións sociais, de tal xeito que os marcos establecidos como fronteiras definitorias do que pode e non pode facerse escachan en mil pedazos. E nesta situación, a actuación das mulleres sae do molde que as cingue a prol da asunción de papeis ata entón inéditos e impensables por transgredir a norma. A excepcionalidade do intre histórico lévaas a ter un protagonismo público que en calquera outra circunstancia sería imposible. Aquí atopamos mulleres que empuñan as armas e loitan contra do inimigo, que toman partido e defenden unha causa. Vémolas na estampa de Francisco de Goya que titula *E son feras*, na que sen abandonaren o o seu papel protector de nais, e cos seus fillos ao lombo, acometen a lanzadas os soldados napoleónicos, ou nas recreacións, entre o mito e a realidade, de figuras como Agustina de Aragón ou Manuela Malasaña. Anónima, mais ao tempo moi real e chea de significado, é a moza de Ribadavia morta polos franceses cos beizos negrexados de esgazar cartuchos, ou as veciñas de Corcubión que, «olvidadas de su sexo», atacan unha escolta napoleónica que leva mozos prisioneiros cara a Compostela. Fundamental é o seu papel nos traballos de retagarda e de auxilio dos combatentes: carrexan provisiones e armamento, cavan trincheiras, erguen antepeitos, curan feridas, actúan como espías e, por suposto, padecen represión e morte. En faladoiros como o que mantén Frasquita Larrea en Cádiz chámase

á loita e á resistencia; outras escriben proclamas patrióticas; outras erguen sociedades patrióticas de señoras, caso da marquesa de Villafranca, e outras, en fin, mesmo dirixen e escriben periódicos: é o que fai María del Carmen Silva á fronte de *El Robespierre Español* nos meses que seu home, Pedro Pascasio Fernández Sardinó, editor do xornal, pasa na cadea.

O Trienio Liberal de 1820 a 1823 é outra fiestra de oportunidade para a implicación política do sexo feminino, tanto pola vía anónima da presenza de mulleres das camadas populares nos balbordos urbanos contra de Fernando VII ou contra dalgúns dos seus gobernos, como pola asistencia ás reunións das sociedades patrióticas que agroman en vilas e cidades. Porén, continúa a súa exclusión formal da vida política e electoral, como amosa que na votación feita nas Cortes en que se discute a posibilidade de permitir a entrada de mulleres ás sesións, o *non* gaña con moita diferenza. A represión absolutista do período de 1823 a 1833 devolve protagonismo ás mulleres sinaladas por liberais: son esas «amazonas de la libertad» que estudan Juan Francisco Fuentes e Pilar Garí, máis de mil recollidas con nomes e apelidos (entre elas Juana de Vega) que participan en actividades de espionaxe e conspiración a carón dos varóns coa idea fixa de devolver a liberdade e a orde constitucional ao país.

Entre o remate da guerra civil que enfronta a liberais con carlistas, en 1839, e o comezo do coñecido como Bienio Progresista en xullo de 1854, o binomio que estamos a repasar de muller e política perde parte do seu brillo. Son tempos de postrevolución e de construción institucional do Estado liberal, que conforman un caldo de cultivo nada favorable a teren as mulleres axenda de seu na vida

política. A situación varía a partir do verán de 1854 cando un novo episodio revolucionario inaugura o coñecido como Bienio Progresista, unha xeira de aceleración do tempo político que devolve espazos de acción para o mal chamado sexo feble. O que acontece, a diferenza do repasado ata o de agora, é que a politización feminina toma unha derrota pouco explorada nos anos anteriores, por canto non son as liberais nin as progresistas as que gañan protagonismo senón que a vangarda ocúpana mulleres de pensamento político conservador. A política relixiosa do Bienio, marcada pola Desamortización de Mendizábal e o debate nas Cortes sobre a liberdade de cultos nun país oficialmente católico, xera unha reacción da Igrexa que ten un polo fundamental nas mulleres, ás que se lles pide facer política co encargo de organizar manifestacións en contra destas medidas e recoller sinaturas de protesta. Fano de boa gana e con afervamento, e de feito inauguran unha práctica de ocupación de espazos públicos e de posicionamento explícito no debate político que terá continuidade reforzada tanto no Sexenio Democrático como no último cuarto do século XIX, coas «católicas» e as súas organizacións convertidas en actores por dereito propio. Gañan, ademais, autonomía, ao pasaren dunha estrita dependencia inicial da xerarquía a desenvolverse cunha voz cada vez máis propia e independente. Mantéñense obediénte, como non podía ser doutro xeito, mais ao tempo amplían as fronteiras do seu quefacer e adquiren un protagonismo impensable unhas décadas atrás. Definitivamente, a politización feminina tamén avanzaba polo costado situado máis á dereita.

No entanto, e pola beira situada máis á esquerda, o espazo de liberdade política que supoñen o Sexenio e a I República, entre 1868 e 1874, serve para que xurdan varias agrupacións femininas

cunha moi definida orientación ideolóxica. O precedente sitúase uns anos antes, na xeira do Bienio Progresista de 1854-1856, cando despuntan os primeiros gromos, aínda contados e moi verdes, dun socialismo utópico de raíz fourierista da man de dúas mulleres gaditanas, María Josefa Zapata e Margarita Pérez de Celis, que na compañía doutras como Rosa Butler, Joaquina García Balmaseda ou Adela de la Peña, publican o xornal *El Pensil Gaditano* (logo transformado en *El Pensil de Iberia*), reiteradamente perseguido polas autoridades tanto civís como eclesiásticas escandalizadas diante das propostas que inclúe en materia de política social, laboral e de emancipación feminina, cun ton que mestura chamamentos á democracia cun humanismo cristiá crítico coas inxustizas que xera o capitalismo. En 1864 créase a Sociedade Abolicionista Española, que logo se dota dunha sección feminina, e non resulta nada forzado vencellar a necesidade de rematar coa escravitude en Cuba e Puerto Rico coa propia reivindicación emancipadora da banda de mulleres que non aceptan a súa submisión ao canon proposto de anxo do fogar.

Xa no Sexenio, en 1869, xorde en Madrid a Asociación Republicana de Mulleres, con réplicas de formatos variables noutras cidades como Cádiz, Alacant ou Palma de Mallorca. Acontecen as primeiras folgas con protagonismo feminino en Málaga, Cádiz ou Sevilla, que teñen un precedente egrexio na das cigarreiras coruñesas de 1857, e mulleres atopamos igualmente nas protestas contra do servizo militar ou contra da suba dos prezos. Algunhas, as máis revolucionarias, afílianse á AIT, á Asociación Internacional de Traballadores: é o caso de Guillermina Rojas, de Margarita Pérez de Celis ou de Francisca Gente, no entanto que outras fano no republicanismo federal e mesmo chegan a falar en casinos republicanos,

a participar como oradoras en mitins a carón de líderes como Pablo Iglesias ou Anselmo Lorenzo e a facer parte do experimento revolucionario cantonal de Cartagena durante a I República. Mais todo fano a contracorrente, cun enorme esforzo e un fenomenal desgaste a nivel persoal e social. Son pioneiras e iso ten un custo tanto a respecto das súas conxéneres, que no xeral nin as comprenden nin as apoian, como dos seus correligionarios varóns, que as ollan con desconfianza cando non con condescendencia. Isto explica, por exemplo, que se ben nas Cortes do Sexenio se discute por vez primeira a posibilidade do sufraxio feminino, nun contexto no que viña de ser aprobado o universal masculino, e a pesar de algunhas voces favorables, as súas señorías voten en contra; que, na lei de matrimonio civil de 1870 (promulgada co compostelán Montero Ríos como ministro de Xustiza e que lle valeu o alcume de «Lutero Ríos»), a subordinación e a obediencia da esposa ao marido se manteña como obriga, ou que a presenza e participación en asociacións políticas teñan que gañala a cobadazos e a empurróns. Nada é nin doado nin gratuíto para elas, nin sequera cando se trata de situarse e tomar protagonismo en espazos políticos que en principio se podían valorar de amigables, como o federalismo, o marxismo ou o anarquismo.

De aquí a finais de século, e dentro xa do contexto da Iª Restauración con Cánovas e Sagasta en amigable reparto do poder, a evolución do binomio muller-política atopa os seus vectores de maior proxección á marxe dos partidos da quenda. Dun lado, coa progresiva articulación das mulleres católicas, interpeladas a traballaren contra da laicización da sociedade e, sobre todo logo da encíclica *Rerum novarum* de 1891, a integrárense nun catolicismo social que dentro de parámetros conservadores tamén busca unha

mellora da situación social e laboral da muller traballadora e unha relación máis igualitaria dentro do matrimonio. Doutro lado, cómpre rexistrar o activismo feminino de figuras hoxe ben estudadas como Rosario de Acuña ou Ángeles López de Ayala, republicanas, masonas, anticlericais e librepensadoras. Seguen a ser olladas con desconfianza e prevención mesmo polos seus compañeiros de loita, e por iso ata un republicano tan cumprido como Melquiades Álvarez, en 1889, négase a compartir tribuna cunha muller, mais non por iso desfalecen na súa loita por facerse con espazos na esfera pública pola vía das colaboracións en prensa, a participación en mítines ou formando parte de accións reivindicativas nos eidos social e laboral. Noutros casos o compromiso exprésase poñendo ás súas fillas nomes tan cheos de significado como «Fraternidad», «Progreso», «Redención» ou «Federación», con algún que outro exemplo extremo e un punto sincrético como o da rapariga chamada «Democracia Dolores Esperanza Caridad». Por certo, non son poucas as mestras, xeralmente vencelladas coa Institución Libre de Enseñanza, que figuran na vangarda deste activismo. Cunha postura máis radical e máis escorada á esquerda, atopamos mulleres como a catalá Teresa Claramunt, líder da sección feminina da agrupación anarco-colectivista de Sabadell e logo na Agrupación de Traballadoras de Barcelona e na Sociedade Autónoma de Mulleres da mesma cidade.

Cara final de século os avances acadados son aínda modestos, se ben sitúanse na liña dos países veciños europeos, onde a manifestación máis obvia da cidadanía política, a posibilidade de votar, terá aínda un longo, traballoso e accidentado percorrido nas primeiras décadas do século XX. Abonda con indicar que, en Gran Bretaña, o sufraxio feminino en igualdade co masculino acádase en

1928, no entanto que as francesas teñen que agardar a 1944. Xa que logo, o caso español, co acceso ao sufraxio en 1931, atópase a medio camiño. No gonzo simbólico do ano 1900 é claro que as mulleres gañaran peso específico na esfera pública respecto da situación de partida cen anos antes. Que restaban espazos por acadar tamén era evidente, mais o camiño, por outra banda cheo de fochancas e de altos e baixos, aparecía cando menos balizado e na onda do que acontecía na contorna europea. Coa chegada da II República o proceso acelera e adquire velocidade de cruceiro, mais xa se sabe que a evolución histórica é calquera cousa agás lineal e un golpe de estado fascista crúzase no camiño e impón unha ditadura de corenta anos. Aquí, nesta ditadura, e non nun século XIX tan desprezado como descoñecido, sitúase a cesura e a distancia coas democracias europeas posteriores á II Guerra Mundial que tanto custará recortar a partir da morte do ditador. Tamén, e case habería que dicir especialmente, no referido á historia das mulleres.

Remato xa. E quero facelo reproducindo as palabras que Emilia Pardo Bazán, na miña modesta opinión o maior talento literario do século XIX español, escribe na súa descrición das mulleres campesiñas galegas aló por 1881: elas cavan, sementan, recollen, regan, esfollan, baten o liño, tecen, cargan co centeo, amasan a fariña do trigo e do millo, collen leña no monte, apacentan o boi, muxen a vaca, van ao mercado co leite, os ovos, as galiñas, as verduras e os queixos:

Así vive la mujer gallega, afanándose sin tregua ni reposo, luchando cuerpo a cuerpo contra el hambre que la acecha (...). Pobre mujer que de todos es criada y esclava, del abuelo gruñón y despótico, del padre mujeriego y amigo de andar de taberna en taberna, del marido brutal quizás, del chiquillo enfermizo que se agarra a sus faldas lloriqueando, de la vaca ante la cual se arrodilla para ordeñarla, del ternero (...), del cerdo para el que cuece un caldo no muy inferior al que ella misma come (...), y hasta del gato, al cual sirve en una escudilla de barro las pocas sobras del frugal banquete.

Moitas grazas pola atención.

Bibliografía

- AGUIRREAZKUENAGA, Joseba, Urquijo, Mikel e Villa, María José (eds.) (2020): *Mujeres de vanguardia en Bilbao (1800-1936)*, Leioa (Bizkaia), UPV/EHU
- ANGUITA OSUNA, José Enrique (2019): «Análisis histórico-jurídico de la beneficencia española de mediados del siglo XIX. La “Ley de Beneficencia” de 1849 y su Reglamento de ejecución de 1852», *Aportes*, 99, pp. 89-121
- ARESTI ESTEBAN, Nerea (2012): «Los argumentos de la exclusión. Mujeres y liberalismo en la España contemporánea», *Historia Constitucional*, 13, pp. 407-431
- BALLARÍN DOMINGO, Pilar (2007): «La escuela de niñas en el siglo XIX: la legitimación de la sociedad de esferas separadas», *Historia de la Educación*, 26, pp. 143-168
- BEL BRAVO, María Antonia (2000): *La historia de las mujeres desde los textos*, Barcelona, Ariel
- BELTRÁN-TAPIA, Francisco J. *et al.* (2022): «La educación en el Estado liberal (1857-1901). Entre la universalización y la gestión privada», en S. Calatayud, J. Millán e M.C. Romeo (eds.), *Reformas antes del reformismo. Estado y sociedad de élites en la España contemporánea*, Granada, Comares, pp. 173-199
- BERMÚDEZ BERMÚDEZ, Silvia e JOHNSON, Roberta (eds.) (2021): *Una nueva historia de los feminismos ibéricos*, València, Tirant lo Blanch
- BLASCO HERRANZ, Inmaculada (2010): «Género y religión: mujeres y catolicismo en la historia contemporánea de España», *XIX y Veinte. Revista de historia y pensamiento contemporáneos*, 4, pp. 7-20

- (2017): «Religión, género y mujeres en la historia contemporánea de España: un balance historiográfico», en F. Montero, J. de la Cueva e J. Louzao (coords.), *La historia religiosa en la España contemporánea*, Alcalá de Henares, Universidad, pp. 257-277
- (ed.) (2018): *Mujeres, hombres y catolicismo en la España contemporánea. Nuevas visiones desde la historia*, València, Tirant lo Blanch
- BOLUFER PERUGA, Mónica (2018): «La querella de las mujeres: renovación historiográfica y nuevas potencialidades pedagógicas de un tema clásico», en H. Gallego (ed.), *Feminidades y masculinidades en la historiografía de género*, Granada, Comares, pp. 73-89
- BOSTRIDGE, Mark (2009): *Florence Nightingale. The Woman and her Legend*, New York, Penguin
- BURDIEL BUENO, Isabel (2019): *Emilia Pardo Bazán*, Barcelona, Taurus
- BURGUERA LÓPEZ, Mónica (2011): «Historia e identidad: los lenguajes sociales del feminismo romántico en España (1844-1846)», *Arenal*, 18-1, pp. 53-83
- (2017): «Coronado a la sombra de Avellaneda. La reelaboración (política) de la feminidad liberal en España entre la igualdad y la diferencia (1837-1868)», *Espacio, Tiempo y Forma. Serie V. Historia Contemporánea*, 29, pp. 93-127
- e ESPIGADO TOCINO, Gloria (coords.) (2023): *Saber y crear en femenino. Género, cultura y modernidad entre los siglos XIX y XX*, Granada, Comares
- CABALLÉ MASFORROLL, Anna (2018): *Concepción Arenal. La caminante y su sombra*, Barcelona, Taurus

- CAGNOLATI, Antonella (2018): *Palabras sin voz. Autobiografías y educación de las mujeres*, Roma, Aracne
- e CANALES SERRANO, Antonio Francisco (eds.) (2017): *Women's Education in Southern Europe. Historical Perspectives (19th-20th Centuries)*, Roma, Aracne
- CAMINO, Alejandro e MARTYKÁNOVÁ, Darina (2021): «La soltería virtuosa. Dignidad, utilidad y el discurso sobre el celibato femenino en la España contemporánea, 1820-1950», *Historia Contemporánea*, 66, pp. 227-370
- CANAU CHACÓN, María Luisa (coord.): *Pasiones en femenino. Europa y América, 1600-1950*, Sevilla, Universidad
- CAPEL MARTÍNEZ, Rosa María (coord.) (2013): *Presencia y visibilidad de las mujeres. Recuperando historia*, Madrid, Abada
- (ed.) (2020): *Acción y voces de mujer en el espacio público*, Madrid, Abada
- CAROLI, Dorena (2014): *Per una storia dell'asilo nido in Europa tra Otto e Novecento*, Roma, Franco Agnelli
- CASTELLS OLIVÁN, Irene (ed.) (2014): *Mujeres y constitucionalismo histórico español. Seis estudios*, Oviedo, In Itinere-CEPC
- , ESPIGADO TOCINO, María Gloria e ROMEO MATEO, María Cruz (coords.) (2009): *Heroínas y patriotas. Mujeres de 1808*, Madrid, Cátedra
- CORTADA ANDREU, Esther (2000): «El acceso de las maestras al magisterio público en el siglo XIX: ¿concesión o logro profesional?», *Historia Social*, 38, pp. 35-56
- COSTA RICO, Antón (2013): «Ramón de la Sagra. Reformador social y escolar: sus visitas a escuelas infantiles y primarias (Bélgica, Holanda y Alemania, 1838-1844)», en G. Espigado *et al.* (eds.), *La Constitución de Cádiz. Genealogía y desarrollo del sistema educativo liberal*, Cádiz, Universidad, pp. 111-120

- CRUZ MUÑOZ, Julio de la (2016): *Sociedad, pauperismo y beneficencia en Toledo en el siglo XIX*, tese doutoral, Universidad de Castilla-La Mancha
- DÍAZ MOYA, Rafael (2024): *La madre obrera. Un callejón sin salida (1873-1936)*, Madrid, Dykinson
- DÍAZ, Delphine (2019): «Mujeres de refugiados, mujeres refugiadas en la Francia del siglo XIX (años 1830-1870)», *Arenal*, 26-2, pp. 343-365
- ELLIOT, Dorice W. (2002): *The Angel Out of the House. Phylanthropy and Gender in XIX Century England*, Charlottesvile-London, University of Virginia Press
- ESPIGADO TOCINO, María Gloria (2012): «Los caminos de la emancipación feminista en el siglo XIX: Andalucía y España», en M.D. Ramos Palomo (coord.), *Andaluzas en la historia. Reflexiones sobre política, trabajo y acción colectiva*, Sevilla, Junta de Andalucía, pp. 27-49
- (2005): «Mujeres “radicales”: utópicas, republicanas e internacionalistas en España (1808-1874)», *Ayer*, 60, pp. 15-43
- (2010): «El discurso republicano sobre la mujer en el Sexenio Democrático, 1868-1874», *Ayer*, 78, pp. 143-168
- (2015): «Pasiones políticas. La representación de la mujer política en el siglo XIX», *Historia Social*, 81, pp. 151-168
- (2015): «Preparando el camino de la emancipación. Voces críticas y acción colectiva femenina en el siglo XIX», en M. Yusta e I. Peiró (coords.), *Heterodoxas, guerrilleras y ciudadanas. Resistencias femeninas en la España moderna y contemporánea*, Zaragoza, Institución “Fernando el Católico”, pp. 85-113
- (2020): «De lo individual a lo colectivo. Constituir red y sociedad en femenino durante el Sexenio Democrático», *Bulletin d’Histoire Contemporaine de l’Espagne*, 55

- EZAMA GIL, Ángeles (2018): *Las musas suben a la tribuna. Visibilidad y autoridad de las mujeres en el Ateneo de Madrid (1882-1939)*, Logroño, Genuève Ediciones
- FAUCHEUX, Michel (2018): *Olympe de Gouges*, Paris, Gallimard
- FAYOLLE, Caroline (2017): *La femme nouvelle. Genre, éducation, Révolution (1789-1830)*, Paris, Éditions du CTHS
- FERNÁNDEZ GARCÍA, Elena (2019): «Las primeras mujeres liberales: exilio y represión (1814-1833)», en J. Pomés e M. Santirso (eds.), *Patrias alternativas. Expulsiones y exclusiones de la España oficial en época contemporánea*, Barcelona, Minerva-Biblioteca Nueva, pp. 21-50
- FERNÁNDEZ VALENCIA, Antonia (2006): «La educación de las niñas: ideas, proyectos, realidades», en I. Morant (dir.), *Historia de las mujeres en España y América Latina. v. III. Del siglo XIX a los umbrales del XX*, Madrid, Cátedra, pp. 427-453
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Pura (2022): *365 relojes. Vida de la Baronesa de Wilson (ca. 1833-1923)*, Madrid, Taurus
- (ed.) (2015), *No hay nación para este sexo. La Re(d)pública transatlántica de las Letras: escritoras españolas y latinoamericanas (1824-1936)*, Madrid-Fráncfort del Meno, Iberoamericana-Vervuert
- e ORTEGA, Marie-Linda (eds.) (2008): *La mujer de letras o la letraherida. Discursos y representaciones sobre la mujer escritora en el siglo XIX*, Madrid, CSIC
- FERREIRA, Nuno Martins (2021): «Assistência e educação de desvalidos no século XIX: o Asilo de Sao Joao de Lisboa», *Sarmiento*, 25, pp. 231-253
- FIORINO, Vinzia (2020): *Il genere della cittadinanza. Diritti civili e politici delle donne in Francia (1789-1915)*, Roma, Viella

- FLECHA GARCÍA, Consuelo (2019): «Barreras ante las pioneras universitarias: una mirada transnacional», *CIAN. Revista de historia de las universidades*, 22, pp. 19-59
- FRANCO RUBIO, Gloria Ángeles (2018): *El ámbito doméstico en el Antiguo Régimen. De puertas adentro*, Madrid, Síntesis
- FRANKLIN LEWIS, Elisabeth (2010): «Economía doméstica: caridad y trabajo femenino en el discurso reformista de las mujeres ilustradas», *Ayer*, 78, pp. 93-115
- FUENTES ARAGONÉS, Juan Francisco e GARÍ AGUILERA, Pilar (2014): *Amazonas de la libertad. Mujeres liberales contra Fernando VII*, Madrid, Marcial Pons
- GABRIEL FERNÁNDEZ, Narciso de (2018): «Emilia Pardo Bazán, las mujeres y la educación. El Congreso Pedagógico (1892) y la Cátedra de Literatura (1916)», *Historia y memoria de la educación*, 8, pp. 489-525
- (2015): «La profesionalización del magisterio en España (siglos XIX-XX): literatura, biografías, memorialística», *Historia y memoria de la educación*, 1, pp. 59-92
- (2013): «El proceso de alfabetización en España: un intento de explicación y comprensión», *Historia de la Educación*, 32, pp. 289-313
- (2013): «A educación das mulleres no século XIX: exclusión, dependencia e autonomía», *Sarmiento*, 17, pp. 7-35
- GALLEGO FRANCO, Henar e GARCÍA HERRERO, María del Carmen (eds.) (2017): *Autoridad, poder e influencia. Mujeres que hacen historia*, Barcelona, Icaria
- GÓMEZ-FERRER MORANT, Guadalupe (2011): *Historia de las mujeres en España: siglos XIX y XX*, Madrid, Arco Libros
- GONZÁLEZ HERNÁNDEZ, María Jesús (2009): «Las sufragistas británicas y la conquista del espacio público: integración, recreación y subversión», *Arenal*, 16-1, pp. 53-84

- HERNÁNDEZ SANDOICA, Elena (2016): «El sujeto mujer: construcción cultural y reto historiográfico», *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 38, pp. 161-170
- HUGUET SANTOS, Montserrat (2010): *Historias rebeldes de mujeres burguesas (1790-1948)*, Madrid, Biblioteca Nueva
- ILZARBE LÓPEZ, Isabel (2017): «Los expósitos y el Estado: de Antonio de Bilbao a la Ley General de Beneficencia», *Brocar*, 41, pp. 89-115
- IRISARRI GUTIÉRREZ, Raquel (2020): «El ideal de feminidad difundido por “La Guirnalda” (1867-1883)», *Rubrica Contemporánea*, 18, pp. 119-140
- (2024): «¡Difícil ocupación! Discurso y contradiscurso sobre la profesionalización de la actividad literaria femenina en la España de la primera Restauración (1875-1902)», *Ariadna histórica. Lenguajes, conceptos, metáforas*, 13, pp. 219-240
- LABANYI, Jo (2017): «Afectividad y autoría femenina. La construcción estratégica de la subjetividad en las escritoras del siglo XIX», *Espacio, Tiempo y Forma. Serie V. Historia contemporánea*, 29, pp. 41-63
- LACALZADA DE MATEO, María José (2012): *Concepción Arenal. Mentalidad y proyección social*, Zaragoza, PUZ
- LÓPEZ-CORDÓN, María Victoria (2005): *Condición femenina y razón ilustrada: Josefa Amar y Borbón*, Zaragoza, PUZ
- LÓPEZ MORÁN, Beatriz e SUÁREZ, María de la O (2022): «Beneficencia y filantropía femenina en A Coruña del siglo XIX. Creación e inicios de la Asociación de Señoras, 1839-1845», *Cornide*, 3, pp. 55-96
- MACEIRAS REY, Carmen (2020): *Las niñas abandonadas. La Inclusa de Madrid y el Colegio de la Paz, 1807-1934*, Zaragoza, PUZ
- MACMILLAN, James F. (2003): *France and Women, 1789-1914. Gender, Society and Politics*, London-New York, Routledge

- MARÇAL, Katrine (2016): *¿Quién le hacía la cena a Adam Smith? Una historia sobre las mujeres y la economía*, Barcelona, Debate
- MAREC, Yannick (2006): *Pauvreté et protection social au XIX et XX siècles. Des expériences rouennaises aux politiques nationales*, Rennes, PUR
- MARTÍNEZ SOTO, Ángel Pascual (2018): «La protección social en la época liberal: de la beneficencia a la provisión social (1820-1908)», *Áreas. Revista internacional de Ciencias Sociales*, 37, pp. 109-126
- MARTYKÁNOVÁ, Darina e WALIN, Marie (coords.) (2023): *Ser hombre. Las masculinidades en la España del siglo XIX*, Sevilla, Universidad
- MASSA ORTIGÜELA, Carmen (2014): *Pablo Montesino (1781-1849). La perseverancia de un educador liberal*, Salamanca, Universidad
- MAZA ZORRILLA, Elena (1999): *Pobreza y beneficencia en la España contemporánea (1808-1936)*, Barcelona, Ariel
- MÉNDEZ VÁZQUEZ, Josefina e CHACÓN JIMÉNEZ, Francisco (eds.) (2021): *Historiar la educación de las mujeres en tiempos de cambio (siglos XVII-XX)*, Granada, Comares
- MIGUEL SALANOVA, Santiago de e Buhigas Jiménez, Rafael (2021): «¡Abajo el municipio! Dinámicas y lógicas de la cultura de protesta femenina en Madrid a través del motín de las verdueras de 1892», *Arenal*, 28-2, pp. 385-414
- MÍNGUEZ BLASCO, Raúl (2016): *Evas, Marías y Magdalenas. Género y modernidad católica en la España liberal (1833-1874)*, Madrid, AHC-CEPC
- (2021): «¿En el seno de la iglesia? Las disputas políticas por la educación femenina en Francia y España en el siglo XIX»,

- Espacio, Tiempo y Forma. Serie V. Historia Contemporánea*, 33, pp. 147-166
- (2020): «Entre el hogar y la calle. La movilización política de mujeres católicas durante el Sexenio Democrático», *Hispania Nova*, 18, pp. 419-449
- MIYARES FERNÁNDEZ, Alicia (1999): «1848: el manifiesto de Seneca Falls», 75, pp. 135-157
- MOLINA PUERTOS, Isabel (2009): «La doble cara del discurso doméstico en la España liberal: el “Ángel del Hogar” de Pilar Sinués», *Pasado y Memoria*, 8, pp. 181-197
- (2015): «Ropa sin planchar. Estrategias discursivas de las escritoras isabelinas», *Historia Social*, 82, pp. 115-131
- MONTAGUT, Eduardo (2025): *Feminismo liberal. De la Revolución Francesa al sufragismo*, Madrid, Editatum
- MORANT DEUSA, Isabel (dir.) (2006): *Historia de las mujeres en España y América Latina. v. III. Del siglo XIX a los umbrales del XX*, Madrid, Cátedra
- MOUSSET, Sophie (2017): *Women's Rights and the French Revolution. A biography of Olympe de Gouges*, New York, Routledge
- OFFEN, Karen (2020): *Feminismos europeos (1700-1950). Una historia política*, Madrid, Akal
- ORTEGA LÓPEZ, Teresa María, AGUADO, Ana M. e HERNÁNDEZ SANDOICA, Elena (coords.) (2019): *Mujeres, dones, mulleres, emakumeak. Estudios sobre la historia de las mujeres y del género*, Madrid, Cátedra
- ORTÚZAR CASTAÑER, Trinidad (2019): *La duquesa de la Torre, «mariscala Serrano» (1831-1917)*, Barcelona, Arpegio
- PECHARROMÁN DE LA CRUZ, Carolina (2024): «Las mujeres en la prensa de la segunda mitad del siglo XIX: redes de colaboración», *Pasado y Memoria*, 29, pp. 160-184

- PEÑARRUBIA MARQUÈS, Isabel: «María Agnès Ribera Garau (Palma, 1790-1861): la rebelión contra la familia y el claustro», *Arenal*, 17-2, pp. 379-395
- PEYROU TUBERT, Florencia (2019): «Mujeres en el espacio público de la España liberal, 1808-1874», en J.L. Martín e S. Tavera (eds.), *Sufragisme i sufragistes. Reivindicant la ciutadania política de les dones*, Barcelona, Generalitat, pp. 21-55
- PORTO UCHA, Anxo Serafín e VÁZQUEZ RAMIL, Raquel (2013): «Diferencias de género en el sistema educativo liberal. Las escuelas público-municipales de la ciudad de A Coruña en la época isabelina (1833-1868)», en J. Gómez Fernández *et al.* (eds.), *La Constitución de Cádiz. Genealogía y desarrollo del sistema educativo liberal*, Cádiz, Universidad, pp. 705-714
- PRIMI, Alice (2010): *Femmes des progrès. Françaises et Allemandes engagées dans leur siècle, 1848-1870*, Rennes, PUR
- RAMOS FRENDÓ, María Dolores (2011): «La participación en la vida política y cultural de las mujeres de la alta burguesía del siglo XIX: Amalia Heredia Livermore, un ejemplo singular», en M.I. del Val Valdivieso y C. Segura (coords.), *La participación de las mujeres en lo político. Mediación, representación y toma de decisiones*, Sevilla, Almudayna, pp. 173-188
- RAMOS PALOMO, María Dolores (2008): «Republicanas en pie de paz. La sustitución de las armas por la justicia, el arbitraje y el derecho (1868-1899)», *Pasado y Memoria*, 7, pp. 35-57
- (2014): «Los sexos en disputa. Mujeres, política y cultura liberal en Andalucía», en M.D. Ramos (coord.), *Tejedoras de ciudadanía. Culturas políticas, feminismos y luchas democráticas en España*, Málaga, UMA Editorial, pp. 22-39
- (2021): «Concepción Arenal diseña el futuro: humanismo, reformismo social y feminismo en el siglo XIX», *Baética*, 41, pp. 267-294

- RICO GÓMEZ, María Luisa (2010): «Mujer, enseñanza profesional y modernización en España, 1880-1930», *Historia Contemporánea*, 41, pp. 447-480
- RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, Marcos *et al.* (2025): «El “perfil de maestra” promovido por la literatura pedagógica en la España isabelina», *Historia y memoria de la educación*, 22, pp. 353-386
- RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé (coord.) (1999): *Textos para a historia das mulleres en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega
- RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María (2014): «La participación femenina en la beneficencia española. La Junta de Damas de la Casa de Maternidad y Expósitos de Barcelona, 1853-1903», *Cuestiones de género: de la igualdad y de la diferencia*, 9, pp. 134-157
- (2020): «La infancia abandonada en Pontevedra, 1872-1931», *Minius*, 25, pp. 279-316
- ROGERS, Rebecca (2005): *From the Salon to the Schoolroom. Educating Bourgeois Girls in Nineteenth-Century French*, The Pennsylvania State UP
- ROMÁN LÓPEZ, María (2022): «Mujeres en los márgenes. Una aproximación a las representaciones literarias en la prensa satírica del Sexenio Revolucionario (1868-1874)», *Arenal*, 29-2, pp. 539-566
- ROMEO MATEO, María Cruz (2017): «¿Sujeto católico femenino? Política y religión en España, 1854-1868», *Ayer*, 106, pp. 79-104
- (2000): «Juana María de la Vega, condesa de Espoz y Mina (1805-1872). Por amor al esposo, por amor a la patria», en I. Burdiel e M. Pérez Ledesma (coords.), *Liberales, agitadores y conspiradores. Biografías heterodoxas del siglo XIX*, Madrid, Espasa, pp. 209-238

- ROMEO MATEO, María Cruz (2014): «Domesticidad y política. Las relaciones de género en la sociedad posrevolucionaria», en M.C. Romeo e M. Sierra (coords.), *La España liberal, 1833-1874*, Madrid-Zaragoza, Marcial Pons-PUZ, pp. 89-127
- ROSSIGNEUX-MÉHEUST, Mathilde (2018): *Vies d'hospice. Vieillir et mourir en institution au XIX siècle*, Seyssel, Champ Vallon
- SALAS VIVES, Pere *et al.* (coords.) (2011): *De la benèficència a l'Estat del Benestar. Història dels serveis socials a Mallorca (s. XVI-XX)*, Palma, Consell de Mallorca
- SALAVERRI BARO, Fátima (2018): «La Junta de Damas de la SEAP de Cádiz y la Ley de Beneficencia de 1849», *Trocadero*, 30, pp. 254-272
- SAN NARCISO, David e SÁNCHEZ, Raquel (2021): «The influential women of liberal monarchy. Gender and politics in the Spanish and British royal courts, c. 1830-1860», *Journal of Iberian and Latin American Studies*, 27, pp. 79-96
- SÁNCHEZ COLLANTES, Sergio (2014): «Mujer y republicanismo en la España de la Restauración», en M.D. Ramos (coord.), *Tejedoras de ciudadanía. Culturas políticas, feminismos y luchas democráticas en España*, Málaga, UMA Editorial, pp. 58-73
- SÁNCHEZ ROMERO, Margarita e DEL MORAL VARGAS, Marta (coords.) (2021): *Género e historia pública: difundiendo el pasado de las mujeres*, Granada, Comares
- SÁNCHEZ, Raquel e MIRALLES, Pedro (2014): «Pensar a las mujeres en la Historia y enseñar su historia en las aulas: estado de la cuestión y retos de futuro», *Tempo & Argumento*, 11, pp. 278-298
- SÁNCHEZ GARCÍA, Raquel (2019): *Señoras fuera de casa. Mujeres del XIX: la conquista del espacio público*, Madrid, Los libros de la Catarata

- SÁNCHEZ-PRieto, Pedro e VÁZQUEZ Balonga, Delfina (2019): *La beneficencia madrileña. Lengua y discurso en los documentos de los siglos XVI al XIX*, Madrid, Ediciones Complutense
- SÁNCHEZ VILLA, Mario César (2016): «“Los hijos del vicio”. El problema del niño expósito y la modernización de la inclusa en España durante el cambio de los siglos XIX y XX», *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 38, pp. 325-352
- SANFELIU GIMENO, Luz (2022): «La cultura política republicana de entre siglos: Luisa Cervera Royo, librepensadora, republicana feminista (1843-1924)», *Oleana*, 38, pp. 139-158
- (2020): «“Luchadoras por la verdad y la justicia”. Asociacionismo femenino, derechos y educación en el Sexenio Democrático», *Hispania Nova*, 18, pp. 450-485
- SARASÚA, Carmen (2002): «Aprendiendo a ser mujeres: las escuelas de niñas en la España del siglo XIX», *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 24, pp. 281-300
- TAILLEFER, Lidia (ed.) (2019): *La causa de las mujeres en Gran Bretaña a través de sus textos*, Madrid, Fundamentos
- TEN DOMENECH, Mercedes (2023): «Una sigilosa revolución. El feminismo decimonónico español», *Persona y Derecho*, 88, pp. 137-152
- TODD, Janet (2014): *Mary Wolstonecraft. A Revolutionary Life*, London, Bloomsbury
- TORREMOCHA HERNÁNDEZ, Margarita (ed.) (2019): *Mujeres, sociedad y conflicto (siglos XVII-XIX)*, Valladolid, Castilla Ediciones
- VEIGA, Xosé Ramón (2022): *Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina (1805-1872). Facer no século*, Vigo, Galaxia
- (2023): «Juana de Vega, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán: converxencias e diverxencias», *La Tribuna*, 18, pp. 15-36

- VICENTE VILLANUEVA, Laura (2014): «Teresa Claramunt: feminismo obrerista y librepensador», en M.D. Ramos (coord.), *Tejedoras de ciudadanía. Cultura políticas, feminismos y luchas democráticas en España*, Málaga, UMA Editorial, pp. 74-90
- VIÑAO FRAGO, Antonio (2018): «¿Existió una revolución educativa liberal en la España del siglo XIX?: discursos y realidades», *Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales*, 37, pp. 129-143
- VV.AA. (2024): *Condorcet, Démar, Poullain, Raoul, Tristán. Feminismos en la Ilustración*, València, Pireo
- ZURITA, Rafael (2025): *Agustina de Aragón. Vida y mito de una heroína de guerra*, Barcelona, Ático de los libros

